

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE ABRIL DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento PR 809A), por un importe total de cento trinta e tres mil setecentos euros (133.700,00 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne para o desenvolvemento de proxectos de I+D+i no ámbito do sector cárnico, por importe de cinco millóns novecentos cincuenta mil euros (5.950.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 63/2013, do 11 de abril, polo que se regulan os comités de ética da investigación en Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o acordo entre o Instituto Nacional de Gestión Sanitaria e a Comunidade Autónoma de Galicia para a adhesión ao sistema de adquisición centralizada estatal de medicamentos e produtos sanitarios, a través do procedemento especial de adopción tipo.



INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe de ocupación dos establecementos hoteleiros na Semana Santa de 2015.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a actividade global de control tributario ano 2014.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe de situación, obxectivos e liñas de actuación da Rede galega de viveiros de Empresas en centros educativos- Programa emprende.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe Conecta 72.
- Informe sobre a plataforma loxística do Servizo Galego de Saúde.



A XUNTA CONVOCA OITO BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- ***A convocatoria está dotada con 133.700 euros, cos que se financiarán as actividades formativas entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de agosto de 2016***
- ***Os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia, ter nado a partir do 1 de xaneiro de 1984 e estar en posesión dun título universitario***

O Consello da Xunta deu luz verde á convocatoria da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea de oito bolsas de formación de expertos en cooperación ao desenvolvemento para o período 2015-2016.

A convocatoria está dotada con 133.700 euros que servirán para financiar as actividades de formación destes oito bolseiros entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de agosto de 2016. O seu obxectivo é apoiar a formación de expertos en cooperación internacional, cumprindo co establecido nos plans directores da Cooperación Galega, en especial no que se refire ao apoio á formación e á capacitación especializada de actores e axentes de cooperación.

Os destinos das bolsas serán a sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela, as oficinas técnicas de cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e delegacións de organismos internacionais multilaterais. O importe das bolsas será de 1.200 euros brutos mensuais máis os gastos de viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior, e 1.000 euros, no caso de que os destinos sexan na sede da Dirección Xeral.

Entre outros requisitos, os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia, ter nado a partir do 1 de xaneiro de 1984 e estar en posesión dun título universitario de licenciado/a, diplomado/a, grao ou equivalente. Ademais, tamén se require non ter sido beneficiario desta mesma bolsa en anos anteriores, non manter relación laboral vixente co organismo que a promove nin coas entidades colaboradoras, nin colaborar con ningún axente de cooperación durante o período de duración da bolsa.

A valoración de méritos efectuaráa unha comisión de selección presidida pola subdirectora xeral de Cooperación Exterior e conformada por varios funcionarios da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e expertos en cooperación para o desenvolvemento. Esta mesma comisión será a encargada de realizar a fase posterior de entrevistas, onde se valorarán as aptitudes e actitudes dos aspirantes.



A XUNTA INVISTE 6 MILLÓNS EN PROXECTOS ESTRATÉXICOS DE INNOVACIÓN PARA A INDUSTRIA CÁRNICA GALEGA

- ***O Consello da Xunta autoriza un convenio co Centro Tecnolóxico da Carne para a creación e transferencia ao tecido empresarial de solucións innovadoras para afrontar os grandes retos de futuro do sector***
- ***Os resultados contribuirán a que as explotacións sexan máis eficientes e rendibles, á creación de produtos innovadores e de maior calidade e á xestión responsable de residuos***
- ***A actuación, enmarcada na aposta pola modernización do sector primario galego establecida na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), impulsará 7 proxectos para o que mobiliza 24 millóns en proxectos colaborativos co sector e empregará a 90 profesionais***
- ***Impulsarase a valorización enerxética a través da biomasa dos residuos das granxas de polos, realizando diferentes estudos que permitirán implantar unha caldeira nunha granxa en Santa Cruz de Arrabaldo***
- ***Estableceranse criterios obxectivos para determinar a calidade da carne de polo, deseñando protocolos de actuación con medidas de control e mellora que garantan a máxima calidade desde a granxa ata a mesa***
- ***A realización destas iniciativas duplicará a dimensión actual do CTC, que inicia así o camiño para converterse no centro de referencia dun sector que emprega preto de 9.000 persoas e conta cunha facturación de 1.400 millóns***

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola innovación como un dos piares do crecemento e a mellora competitiva do tecido produtivo galego, investirá 6 millóns de euros en proxectos estratéxicos de I+D+i para a industria cárnica galega. Para acadar este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) para a execución dunha carteira de proxectos ao longo dos próximos catro anos, que contribuirán a que as explotacións cárnicas galegas sexan máis eficientes e rendibles, a creación de produtos innovadores e de maior calidade e a xestión responsable de residuos.

A actuación enmárcase na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), que establece a modernización do sector primario galego como unha das prioridades de innovación para Galicia ata 2020. A través da transferencia de coñecemento xerado polo CTC, as empresas cárnicas galegas contarán con solucións tecnolóxicas avanzadas para facer fronte aos grandes retos de futuro do sector. Deste xeito, non só se incrementará a competitividade do tecido industrial da comunidade, senón que serán exportables ao mercado mundial.



O acordo prevé sete proxectos de innovación impulsados polo CTC, en colaboración co sector e aproveitando a alianza do Centro coa empresa Coren, o que permitirá mobilizar 24 millóns de euros e empregar na súa execución 90 profesionais das dúas entidades.

Dous destes proxectos están relacionados coa cría de polo. Un deles permitirá establecer criterios obxectivos para determinar a calidade das canais de carne e deseñar protocolos de actuación con medidas de control e mellora que garantan a máxima calidade desde a granxa ata a mesa. O outro mellorará os protocolos de manexo das galiñas e galos para incrementar os índices reprodutivos e, en consecuencia, a produtividade dos polos de carne.

En relación coa cría de porco, levarase a cabo un proxecto dirixido a introducir a raza autóctona Celta no esquema de selección xenética para aumentar a calidade da carne de porcino tanto en produto fresco como en xamóns de gama alta. Ademais, outra das liñas de investigación dirixirase a optimizar os programas de alimentación das porcas xestantes e lactantes, dos leitóns e dos porcos de ceba para incrementar a produtividade, reducindo os custos sen que a calidade da carne se resinta.

No eido enerxético, desenvolverase un sistema de valorización integral dos zurros de porco para darlles saída como fertilizantes e biocombustibles. Así mesmo, o Inega realizará un proxecto demostrativo que inclúe diferentes estudos encamiñados á valorización enerxética a través da biomasa dos residuos das granxas de polos, mellorando no coñecemento da xestión destes residuos de cara á implantación dunha caldeira na granxa de Coren en Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense).

A saúde animal centra outras dúas iniciativas, co obxectivo de establecer as bases para a produción de alimentos de orixe animal mellorando as súas condicións de vida. Isto permitiralle á industria galega deseñar sistemas de produción nos que se considerarán especificamente as condicións particulares do sector en Galicia: tipo de materias primas consumidas, estrutura das granxas ou clima.

Por último, en relación co desenvolvemento de alimentos innovadores, realizaranse produtos cárnicos adaptados ás necesidades nutricionais específicas de bebés, nenos, adolescentes e maiores de 65 anos. O resultado serán alimentos funcionais procedentes de despezamentos de polo, pavo e vacún clasificados e tratados con todas as garantías de seguridade alimentaria para mellorar o estado nutricional de cada grupo.

Impulso da industria cárnica galega

Coa realización destas actuacións, o Goberno galego segue a traballar na mellora da industria cárnica galega, un dos sectores industriais máis importantes da Comunidade e un dos seus principais motores económicos. No ano 2014 comprendía máis de 600



empresas, dando emprego a preto de 9.000 persoas e cunha facturación duns 1.400 millóns de euros.

Neste contexto, o CTC vén contribuíndo de maneira decisiva ao impulso da I+D+i no sector, co desenvolvemento de proxectos de investigación para a innovación en produtos e procesos e para incrementar o valor engadido na cadea de transformación.

Esta nova aposta da Xunta polas capacidades do CTC permitíralle duplicar a súa dimensión actual e iniciar o camiño para converterse no centro de referencia no seu sector, co obxectivo de lograr integrarse no selecto rexistro estatal de centros tecnolóxicos, como xa ocorre co CTAG, Aimen, Anfaco, Gradiant e o ITG.



GALICIA, PIONEIRA NA AVALIACIÓN E APROBACIÓN DE ESTUDOS DE INTERESE SANITARIO

- ***Sanidade habilita ao Comité Autonómico de Ética da Investigación para a avaliación e seguimento de proxectos de investigación considerados de interese sanitario***
- ***Ademais, establécese un procedemento específico de revisión destes estudos para dar resposta aos prazos indicados na plataforma Prepare***

O Consello da Xunta autorizou o envío do texto do proxecto de decreto que modifica o Decreto 63/2013 que regula os comités de ética de investigación en Galicia para o seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo. Con esta nova normativa, a Comunidade Autónoma establecerá como órgano de referencia para a avaliación dos estudos de investigación e innovación considerados de interese sanitario asistencial ou de interese para a saúde pública o Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia.

Ademais, nesta modificación establécese a posibilidade dun procedemento específico de revisión destes estudos para dar resposta aos prazos indicados na plataforma Prepare -plataforma europea para a preparación fronte a epidemias re-emerxentes-, de forma que a avaliación se realice no menor tempo posible e, en todo caso, atendendo ás circunstancias especiais que xustifiquen a avaliación urxente.

Deste xeito, acúrtanse os tempos previstos para a autorización destes estudos, garantindo que se cumpren os requisitos ético-legais na súa realización, e permitindo establecer de forma máis áxil pautas de actuación asistencial baseadas nos resultados obtidos.

Con esta nova normativa Galicia é pioneira en España, que se pode situar ao nivel competitivo da maioría dos socios europeos do consorcio de Prepare.

A plataforma Prepare

Esta plataforma é unha rede de redes e consorcios financiada pola Unión Europea para coordinar estudos de enfermidades infecciosas a grande escala. Este programa prevé unha activación nun período máximo de 48 horas ante a existencia dunha ameaza pandémica.

Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia

O Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia é o órgano encargado da valoración ética, metodolóxica e legal dos estudos de investigación que se realizan en seres humanos, o seu material biolóxico e os seus datos de carácter persoal.



O Decreto 63/2013, do 11 de abril, establece a existencia dun órgano autonómico e outros territoriais para avaliar e emitir informe, de forma descentralizada, dos proxectos de investigación con seres humanos, as súas mostras ou os seus datos de carácter persoal, que se pretendan realizar en Galicia.



O INSTITUTO NACIONAL DE XESTIÓN SANITARIA E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA ASINARÁN UN ACORDO PARA A ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA ESTATAL DE MEDICAMENTOS E PRODUTOS SANITARIOS

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun acordo entre o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (Inxesa) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a adhesión ao sistema de adquisición centralizada estatal de medicamentos e produtos sanitarios, a través do procedemento especial de adopción de tipo. Na actualidade, está pendente de concretar os produtos e medicamentos que o Inxesa licitará mediante este procedemento.

Cómpre sinalar que dende o ano 2012 ao 2014 se asinaron ata oito acordos de adhesión co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e o Inxesa, que permitiron a participación da Consellería de Sanidade e do Sergas en licitacións promovidas centralizadamente nos eidos das vacinas, os medicamentos e os produtos sanitarios. A sinatura deste acordo ampara a adhesión a todas as licitacións de adquisición centralizada de medicamentos e produtos sanitarios, aínda que para cada produto ou medicamento se poderá optar individualmente por participar ou non na contratación centralizada promovida polo Inxesa.



GALICIA RECIBIU NESTA SEMANA SANTA PRETO DE 70.000 TURISTAS, O QUE SUPÓN UN INCREMENTO DO 32% EN RELACIÓN CO PASADO ANO

- **Os datos de ocupación rexistrados nos establecementos hoteleiros da comunidade entre o Xoves Santo e o Domingo de Pascua acadaron unha media do 75%, cifra que supera en case 20 puntos a rexistrada no mesmo período do ano pasado**
- **Os datos reflicten unha ocupación máis elevada nos establecementos de maior categoría, aínda que se observa un comportamento positivo en todos os segmentos da oferta hoteleira**
- **As cifras de ocupación foron elevadas nas catro provincias galegas, oscilando entre o 79% rexistrado en Ourense e o 74% de Lugo**
- **O 81% dos hoteis consultados sinalaron que os seus resultados foron mellores ou iguais que na Semana Santa do ano pasado**

As cifras rexistradas nos establecementos hoteleiros galegos durante os días festivos da Semana Santa, segundo a enquisa realizada pola Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia, indican unha ocupación media que acadou o 75% para o conxunto dos hoteis en Galicia, situándose case 20 puntos por riba da ocupación media do 55,7% rexistrada na Semana Santa do ano pasado en toda Galicia. Así mesmo, este resultado mellora as expectativas iniciais que situaban a ocupación media ao principio da Semana Santa en algo máis do 55% para toda Galicia.

Tendo en conta estas cifras de ocupación, estímase que nesta Semana Santa e, particularmente, nos días centrais de xoves a domingo, se aloxaron nos hoteis de Galicia preto de 70.000 viaxeiros, cifra que supón un incremento do 32,2% en relación co mesmo período do pasado ano.

Segundo os datos deste estudo apréciase unha ocupación máis elevada nos establecementos de maior categoría, aínda que as diferenzas non son moi notables, observándose un comportamento positivo en todos os segmentos da oferta hoteleira. Deste modo, nos hoteis de tres estrelas a ocupación media situouse no 81% mentres que os de catro e cinco estrelas rexistraron un 80%. No resto das categorías, as ocupacións medias oscilaron entre o 66% dos establecementos de dúas estrelas e o 73% nos establecementos dunha estrela.

A nivel provincial, obsérvase certa homoxeneidade de comportamento do segmento hoteleiro xa que as cifras de ocupación foron elevadas nas catro provincias galegas rexistrándose un comportamento global positivo. A cifra de ocupación máis elevada situouse na provincia de Ourense onde se rexistrou un 79% de ocupación media nos días festivos da Semana Santa. Nas restantes tres provincias as cifras son moi semellantes, sitúándose no 74%-75% de media -A Coruña rexistrou unha ocupación media do 74,9%, Lugo do 73,9% e Pontevedra do 74,4%-.



O 81% dos hoteis consultados sinalaron que os seus resultados foron mellores ou iguais que na Semana Santa do ano pasado. O 60% sinala que os resultados foron mellores. A nivel territorial, obsérvase que a percepción de mellora é máis elevada e notoria nas provincias de Lugo e Pontevedra –na primeira delas 3 de cada 4 establecementos consultados sinala que obtivo mellores resultados este ano-.

Perspectivas das asociacións empresariais

Turismo de Galicia realizou tamén unha sondaxe ás diferentes asociacións empresariais do sector do aloxamento en Galicia.

Así, na cidade de Santiago de Compostela, a Asociación de Empresarios de Restauración e Hospedaxe indica que a ocupación en hoteis foi do 80% de media, chegando algúns establecementos ao 90% de media, cifra que baixa ata o 65% naqueles localizados na periferia da cidade. Así mesmo, destaca que se observa nesta Semana Santa unha elevada demanda no segmento de tres estrelas.

Na provincia de Lugo, a Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de Lugo sinala que se acadou un 86% de ocupación, cifra que supera en case cinco puntos porcentuais o dato do ano pasado. Lugo Centro, co 91%, e a Mariña Lucense, co 88%, son os destinos de mellores datos.

En Ourense, desde a Federación de Empresarios e Turismo da provincia, estiman que esta Semana Santa se acadou unha ocupación media do 70%, ben que esta cifra sobe en destinos como a propia cidade de Ourense, Allariz ou Verín, ou en segmentos como Paradores e Turismo Termal. Consideran que os resultados deste ano son moi positivos e notablemente mellores que os rexistrados en anos anteriores.

Na área de Vigo, desde AHOSVI, sinalan que a ocupación da Semana Santa se situou no 80% nos días centrais, mellorando os datos do ano pasado. Segundo afirman, o principal reclamo foron as Illas Cíes que rexistraron unha afluencia moi alta grazas ao bo tempo. Constatan que o perfil do turista é de proximidade, pois procede esencialmente da propia comunidade, de Castela e León ou do país veciño, Portugal.

Pola súa parte, na Ribeira Sacra, segundo os datos proporcionados polo Consorcio de Turismo, rexistrouse unha ocupación media do 76% nos días centrais da Semana Santa, cifra que sobe ao 94% no segmento do turismo rural.

En canto á cidade de Ferrol e arredores, segundo os datos proporcionados pola Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarca, nesta Semana Santa acadáronse cifras moi elevadas e notorias de afluencia turística e ocupación nos establecementos hoteleiros. En particular, o Xoves e Venres Santo acadouse un 100%



de ocupación mentres que o sábado e o domingo se rexistrou un 85% de media. O resto da semana a ocupación foi do 70%, porcentaxe moi importante e superior á observada noutros destinos de Galicia.

En Arousa Norte, segundo datos facilitados pola mancomunidade de municipios, rexistrouse unha ocupación media nos días centrais da Semana Santa do 75-85%.



A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA DETECTOU EN 2014 181 MILLÓNS DE EUROS DE DÉBEDA NON DECLARADA, UN 20% MÁIS QUE NO 2013

- *A Atriga realizou o ano pasado case 260.000 revisións de autoliquidacións dos principais impostos, un 13% máis que o ano anterior*
- *O 87% das revisións de autoliquidacións comprobadas eran correctas e non precisaron modificacións*

A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) detectou o ano pasado 181 millóns de euros de débeda non declarada, o que supón un incremento do 20,6% respecto ao ano 2013. Así o reflicte un informe sobre as actuacións de control deste organismo presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

O informe pon de manifesto que a Atriga, que empezou a funcionar en xaneiro de 2013, realizou no exercicio pasado un total de 259.588 comprobacións de autoliquidacións no eido do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) e do imposto de sucesións e doazóns (ISD), un 13% máis que en 2013, é dicir, 29.701 comprobacións máis. Ambos os impostos concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados por este organismo.

Das preto de 260.000 comprobacións efectuadas, no 87% dos casos a Administración confirmou que a autoliquidación do imposto presentada polo contribuínte era correcta. No resto dos casos, a Atriga practicou unha liquidación para que o contribuínte tribute conforme a legalidade. O número de liquidacións practicadas foi de 33.404, un 6% máis que no exercicio 2013.

Dos 181 millóns de euros de débeda aflorada, a maioría, un total de 148,5 millóns, derivaron de actuacións de xestión, mentres que os 32,8 millóns restantes foron como consecuencia de labores de inspección. Hai que lembrar que dentro deses 181 millóns están incluídos os 50,7 millóns derivados do plan especial de loita contra a fraude desenvolvido en 2014, no que se cumpriron os obxectivos marcados inicialmente.

As comprobacións practicadas pola Atriga detectaron que só o 3% das autoliquidacións presentadas polos contribuíntes tiñan aplicados de forma incorrecta algúns dos beneficios fiscais que ten en vigor o Goberno galego.

Aprazamentos e fraccionamentos

No ano 2014, os aprazamentos e fraccionamentos concedidos pola Axencia Tributaria de Galicia ascenderon aos 25,7 millóns de euros. Neste contexto, entre os anos 2009 e 2014 concedéronse aprazamentos por un importe total de 141,8 millóns de euros, fronte aos 40,7 millóns concedidos no anterior período 2005-2008.



A concesión de aprazamentos e fraccionamentos permite aos contribuíntes afrontar o pagamento das súas débedas tributarias da forma que máis se acomode á súa situación financeira e de tesouraría, permitindo ás familias e empresas dispoñer de máis liquidez.



A REDE DE VIVEIROS DE EMPRESA EN CENTROS EDUCATIVOS DEU ORIXE Á FORMACIÓN DE 63 INICIATIVAS DE CREACIÓN DE EMPRESAS DE EMPREENDEDORES MOZOS

- *Desde 2009 o número destas infraestruturas incrementouse dos 6 iniciais ata os 21 xa consolidados e proxectados, e está previsto que no ano 2016 o número de viveiros chegue a 30*
- *A Consellería de Cultura e Educación ten previsto desenvolver un plan de formación para titores, coordinadores e viveiristas, entre outras persoas implicadas na Rede*

A Rede de viveiros de empresa en centros educativos de Galicia deu orixe á formación de 63 iniciativas de creación de empresas de emprendedores mozos, segundo se desprende do informe analizado hoxe polo Consello da Xunta sobre situación, obxectivos e liñas de actuación desta rede, enmarcada no Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, 'eduemprende'. Destas empresas, 22 xa subsisten fóra do viveiro, 9 están consolidadas dentro deles e outras 32 están en proxecto nos propios viveiros. Cómpre lembrar que desde 2009 a Rede de viveiros de empresa en centros educativos case se triplicou, desde os 6 iniciais ata os 17 actuais.

Deste xeito, confírmase o éxito da estratexia desenvolvida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de fomento do espírito emprendedor, para favorecer a creación de empresas e, sobre todo, en prol da empregabilidade dos máis novos a través destes espazos, nos que se ofrece asesoramento a persoas tituladas en Galicia nos últimos 4 anos en ensinanzas de niveis non universitarios e que, polo tanto, son unha vía directa de acceso ao mercado laboral para a mocidade.

Ampliación da Rede

Desde 2009 o número destas infraestruturas incrementouse dos 6 iniciais ata os 21 – 17, xa consolidados e 4 proxectados, e está previsto que no ano 2016 o número de viveiros chegue a 30. Neste sentido, o informe reflicte a vontade do departamento dirixido por Román Rodríguez de continuar ampliando a Rede de viveiros. De feito, a Consellería asinou un convenio coa Zona Franca de Vigo para a ampliación da Rede de Viveiros, ampliando os dos CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel e A Farixa – ambos na cidade de Ourense-, e creando outros 4 nos CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo), IES Montecelo (Pontevedra), IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa) e IES García Barbón (Verín).

A partir desta acción o obxectivo é estender a rede á totalidade dos 19 centros integrados de formación profesional (CIFP) dependentes da Consellería de Cultura e Educación, sendo xa inminente a apertura do CIFP Paseo das Pontes (A Coruña). Nesta liña, está previsto que os 4 restantes (CIFP Compostela de Santiago de Compostela, CIFP Coroso de Ribeira, CIFP Carlos Oroza de Pontevedra e CIFP Valentín Paz Andrade



de Vigo, este último en colaboración con Zona Franca) contén con viveiro no curso 2015/16 .

Así mesmo, o departamento educativo da Xunta de Galicia ten como obxectivo ampliar a máis comarcas a Rede de viveiros, que neste momento están concentrada nas 7 grandes cidades ou en concellos nos que hai un CIFP. Neste sentido, traballárase para que no curso 2015/16 a Rede estea operativa nas comarcas de Bergantiños, Fisterra, Terra de Lemos, Sarria, Valdeorras, Verín, Deza, O Morrazo e O Salnés. Así mesmo impulsárase a presenza destes espazos nas cidades máis poboadas e na súa contorna, aproveitando a alta actividade económica e empresarial que se desenvolve nestas áreas.

A este respecto, ademais, a Consellería promoverá o fortalecemento das sinerxías internas entre os diferentes viveiros, así como o establecemento de acordos e colaboracións con outras institucións -como foi o devandito acordo con Zona Franca -, e a apertura de novas liñas de actuación no seo dos viveiros, relacionadas, por exemplo, co desenvolvemento agroalimentario. Co fin de avanzar nestes obxectivos o departamento educativo da Xunta ten previsto desenvolver un plan de formación para titores, coordinadores e viveiristas, entre outras persoas implicadas na rede.

Asesoramento

Os viveiros de empresa son espazos postos a disposición dos emprendedores, totalmente de balde, durante o prazo máximo de dous anos, coa infraestrutura necesaria para desenvolver o seu proxecto de empresa. Os posibles viveiristas son persoas tituladas en Galicia nos últimos 4 anos en ensinanzas de bacharelato, FP, artes plásticas e deseño, deportivas, educación secundaria para persoas adultas, ensinanzas superiores de deseño, conservación e restauración de bens culturais, ou de arte dramática, música ou danza.

No seu paso por estas instalacións os emprendedores reciben asesoramento a través do titor de viveiro ou do coordinador de emprendemento, así como cursos específicos. Ademais, favorécese o contacto con outros empnrendedores, tanto da Rede como de fóra dela, e apóiase a difusión dos proxectos empresariais desde www.edu.xunta.es/fp, xornadas ou feiras.

Neste momento a Rede de Viveiros de Empresa en centros educativos está conformada, por 17 viveiros, 6 na provincia da Coruña (CIFP Ánxel Casal-Monte Alto, CIFP Someso, CIFP Politécnico de Santiago, CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, CIFP Ferroltera e IES de Fene), 3 na de Lugo (CIFP Politécnico de Lugo, CIFP As Mercedes e CIFP Porta da Auga), 3 na de Ourense (CIFP Portovello, CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, e CIFP A Farixa), e 5 na de Pontevedra (IES Luís Seoane, CIFP A Xunqueira, CIFP Manuel Antonio, IES Ricardo Mella e CIFP A Granxa).



eduemprende

Ademais da Rede de viveiros, o Plan de emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, 'eduemprende', conta con diversas liñas de actuacións desenvolvidas en colaboración coa Consellería de Economía e Industria. Desta forma iniciativas como 'Idea' potencian a realización de proxectos empresariais entre o alumnado de ciclos de FP; mentres que outros como 'Avanza' céntranse na formación práctica e específica sobre como concretar e materializar un posible modelo de negocio, idea ou proxecto de empresa, para o que se realizan talleres sobre plan de empresa, claves para posicionarse no mercado ou posta en marcha de iniciativas do alumnado. Pola súa banda, 'Simula', vai dirixido a alumnado que cursa ciclos das familias profesionais de Hostalaría e Turismo, Administración e Xestión e Comercio e Márketing, e consiste na constitución dun negocio virtual no que a dirección e a xestión a leva a cabo o alumnado dos ciclos, que reproducen na aula a simulación das situacións reais do ámbito financeiro, administrativo, laboral, ou comercial dunha empresa.

Xa en idades máis temperás 'Actúa' vai dirixido ao alumnado de segundo curso dos ciclos formativos e de bacharelato co fin de que poñan en valor o seu talento emprendedor como ferramenta para o seu desenvolvemento profesional. É unha actuación que se está a levar a cabo en cada ano académico e que abrangue entre 6.000 e 7.000 alumnos anualmente, e entre 60 e 80 centros educativos. Pola súa banda 'Atrévete' dirixido a fomentar, motivar e sensibilizar o alumnado de educación primaria e secundaria no espírito emprendedor, realízase en colaboración con asociacións empresariais e a Rede de viveiros e chegou a preto de 3.150 alumnas e alumnos.

Ademais, en colaboración con outras entidades, están activos diversos proxectos como "A Mariña Emprende", "Coruña Emprende" e "Lugo Emprende", xunto coa Fundación Alcoa; así como visitas a empresas como Peugeot Citroën.



O 90% DOS USUARIOS DE CONECTA 72 CONSIDERAN ÚTIL OU MOI ÚTIL O SERVIZO TRAS A PROBA PILOTO EN SETE CENTROS DE SAÚDE

- *Nun 80% dos casos indicaron que lles axudou a comprender mellor as recomendacións recibidas no hospital, segundo as enquisas realizadas tras a proba piloto*
- *Os profesionais incluídos na proba manifestaron estar satisfeitos co servizo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo cal o Servizo Galego de Saúde estenderá a todos os centros de saúde de Galicia, o vindeiro luns 13 de abril e de forma simultánea, o servizo Conecta 72, que no seu programa piloto acadou a valoración dos usuarios e dos profesionais.

O servizo foi sometido a un piloto en sete centros de saúde das sete estruturas organizativas de xestión integrada: Os Mallos (A Coruña), Fontenla Maristany (Ferrol), San Roque (Lugo), Oroso, O Carballiño, A Parda (Pontevedra), e Rosalía de Castro (Vigo).

O 90% dos destinatarios consideraron útil ou moi útil o servizo, e nun 80% dos casos indicaron que lles axudou a comprender mellor as recomendacións recibidas no hospital, segundo datos das enquisas de satisfacción efectuadas unha vez rematada a proba piloto. Así mesmo, nun 90% opinan que este sistema mellorou a relación coa súa enfermería de cabeceira e quedáronlle claras as indicacións dadas a través desta atención telefónica (80%). Parecelles correcto o tempo que lle dedicaron (90%), e cando precisou unha cita presencial xestionóuselle correctamente no 100% dos casos.

Todos os profesionais incluídos na proba de concepto manifestaron estar satisfeitos co servizo do Conecta 72, tamén que se debe realizar en todos os tipos de alta e que a comunicación foi fluída. En liñas xerais, empregaran unha media de 10-15 minutos para levala a cabo. Tamén puxeron de manifesto outras vantaxes como o mellor control dos pacientes, mellor xestión da consulta, e que pon en valor o profesional de enfermaría e o seu traballo.

Ademais, destacan como vantaxes do servizo a súa potencial capacidade de previr ingresos por mal manexo terapéutico e outras complicacións (ensinar manexo de transferencias en secuelas neurolóxicas e cirúrxicas, detectar riscos de UPP, adaptación do contorno, prevención de caídas,...).

Calidade asistencial

Este servizo ten como obxectivo mellorar a continuidade asistencial a través da realización, nas primeiras 72 horas post-alta, dunha consulta telefónica por parte do



profesional de enfermaría de Atención Primaria. Esta chamada permite detectar complicacións ou problemas de xeito precoz e comprobar que o paciente comprendeu todas as explicacións e recomendacións que se lle deron durante o seu período de ingreso hospitalario.

En definitiva, Conecta 72 aumenta a calidade asistencial dos pacientes de alta, tamén mellora a relación e confianza dos pacientes e coidadores na asistencia sanitaria, e permite intervir precozmente ante os posibles problemas de saúde tras a alta hospitalaria.



A PLATAFORMA LOXÍSTICA INTEGRAL DARÁ SERVIZO A TODAS AS XERENCIAS DO SERGAS ANTES DE QUE REMATE O ANO

- ***O proxecto permite optimizar todos os ámbitos da cadea de subministración aos centros sanitarios***
- ***O aforro estimado é de 20 millóns de euros anuais***

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe, coñeceu un informe de avaliación da Consellería de Sanidade referente á execución do servizo loxístico integral para o Servizo Galego de Saúde, que establece que antes de que remate 2015 a plataforma dará servizo a todas as estruturas organizativas de xestión integrada de Galicia (EOXI), coa implantación nas EOXI de Ferrol, Vigo e Lugo.

A plataforma xa traballa coas áreas sanitarias de Santiago; A Coruña; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, e Pontevedra e O Salnés. En Ferrol está en servizo e rematará en maio. A EOXI de Vigo sumarase entre xullo e setembro, coincidindo coa posta en marcha do novo hospital, mentres que a de Lugo o fará en novembro.

O servizo loxístico integral foi adjudicado por 88 millóns de euros, un 10% menos do orzamento de licitación, e centraliza a actividade de almacenamento e distribución dos produtos necesarios para desenvolver a actividade asistencial.

O proxecto de creación dunha plataforma loxística desenvólvese no marco do obxectivo estratéxico 6 da Estratexia Sergas 2014. O servizo permite optimizar todos os ámbitos da cadea de subministración e complementa a creación dunha central de compras, pois a eficiencia da xestión loxística está fortemente vinculada á compra centralizada e á unificación dos produtos que requiren os diferentes centros sanitarios para a súa xestión.

Na súa aposta por unha xestión responsable e eficiente dos recursos, a plataforma loxística permite minimizar o valor do stock e racionalizar o volume de existencias, controlar as caducidades nos almacéns dos puntos de consumo, unificar os parámetros de xestión da actividade loxística, medir e mellorar a calidade do servizo e optimizar a superficie dispoñible nos centros sanitarios.

O servizo loxístico xestiona 45.500 artigos, recibe 52.900 pedidos e atende unhas 167.300 solicitudes.

O aforro anual estimado coa implantación deste servizo loxístico integral é de 20 millóns de euros, grazas á mellora da eficiencia vinculada á redución dos custos operativos, das existencias e dos prezos de compra.



A operatividade deste servizo tamén repercute na mellora da calidade asistencial percibida polos cidadáns, xa que permitirá dispoñer nos servizos sanitarios dos produtos necesarios no momento xusto e acadar a satisfacción permanente de todos os axentes implicados na cadea de subministracións.

